

	IES de Mugardos Departamento de FILOSOFÍA		BAC
	MATERIA	Filosofía	<b>1.º BAC</b> 2020 - 2021
	PROFESORA	Mº Ofelia Lubián Dubra	

## MEDIDAS COVID-21

A disciplina de 1º de Filosofía é o primeiro contacto con esta disciplina para a maior parte do alumnado, polo tanto **non hai que incorporar aprendizaxes imprescindibles non adquiridas que recuperar porque o temario é totalmente novo**. Non obstante, en relación ás dúas materias impartidas por este departamento en 4º da ESO durante o curso 2019-20 destacamos que:

**Na optativa de Filosofía en 4º da ESO non se impartiron os contidos correspondentes aos bloques 1 e 2 da terceira avaliación: “Socialización e cultura” e “A liberdade”. Non obstante, dado que esta parte do temario está incluída na programación de Filosofía de 1º BAC, que é unha materia común, polo que as aprendizaxes están garantidas.**

**Na optativa de Valores Éticos de 4º da ESO: non se impartiron os contidos correspondentes ao bloque 2 da 3ª avaliación: “Ética, ciencia e técnica”. Pero, como no caso anterior, dado que esta parte do temario está incluída na programación de Filosofía de 1º BAC, que é unha materia común, polo que as aprendizaxes están garantidas.**

## CONTIDOS

- 1.ª AVALIACIÓN: Bloque 1. O saber filosófico. O coñecemento.
- 2.ª AVALIACIÓN: Bloque 2. A realidade. Bloque 3. O ser humano.
- 3.ª AVALIACIÓN: Bloque 4. A Racionalidade Práctica

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Conceptos e procedementos	Probas escritas	80%
	Traballos/Proxectos	20 %

A nota correspondente á avaliación ordinaria será a media aritmética entre as notas en cifras enteiras das tres avaliacións anteriores. Neste último caso para o redondeo teranse en conta os traballos voluntarios feitos ao longo do curso.

**Segundo está recollido na programación, o grao mínimo de consecución para aprobar a materia contempla alcanzar o dominio básico da ortografía esixible ao seu nivel.** No relativo á calificación dos traballos, valoraranse tanto os contidos teóricos (por ex. a correcta resolución de cuestións e preguntas) como os aspectos formais.

**Medidas de recuperación: No caso de non chegar ao aprobado cos procedementos de avaliación desglosados anteriormente o alumno poderá aprobar a materia mediante un exame teórico.**

**No caso de detectar que se copia nos exames retirárase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.**

## PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Non. Lecturas recomendadas: selección de textos filosóficos feita polo Departamento.

## PROXECTOS/ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/PROGRAMAS...

Posible participación na celebración do Día Mundial da Filosofía o 17 de novembro promovido pola UNESCO e na Olimpíada Filosófica. Elaboración da segunda revista filosófica, “Filoxornal”.